

13/2020. ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA REALIZADA POLO CONCELLO PLENO DE MUGARDOS O DÍA 16 SETEMBRO DE 2020.

No Salón de Sesi3ns da Casa Consistorial do Concello de Mugar dos, sendo as once horas e catro minutos do d3a dezaseis de setembro do ano dous mil vinte, previa convocatoria e citaci3n 3 efecto, re3nese o Concello Pleno en sesi3n extraordinaria e primeira convocatoria, celebrada a porta pechada, a fin de garantir as condici3ns de seguridade, autoprotecci3n e distanciamento social, baixo a presidencia do alcalde-presidente D. Juan Domingo de Deus Fonticoba, con asistencia das/dos concelleiras/os Dna. Ana Mar3a Varela Bastida, D. Jos3 Miguel Mah3a Prados, Dna. Bego3a Rold3s Iglesias, D. Jorge Manuel Kuntz Peiteado, Dna. Maria del Pilar Diaz Otero, D. Iv3n Mart3nez Gonz3lez, Dna. Mar3a Dolores Gonz3lez Lorenzo, D. Genaro Prieto Iglesias, D. Jos3 3ngel Mart3nez Bardanca, Dna. Marta Ruiz del Ganso, D. Ignacio Fern3ndez Fern3ndez e D. Argemino Varela Filgueiras. Asiste tam3n a interventora municipal Dna. Ana Mar3a G3mez Pe3a.

Act3a como secretaria, en r3xime de acumulaci3n, a funcionaria, Dna. Marta V3zquez Garea, en virtude do nomeamento efectuado por Resoluci3n da Direcci3n Xeral de Administraci3n Local da Xunta de Galicia de data 11.09.2020.

Aberta a sesi3n pola Presidencia, 3ntrase no estudio e discusi3n do 3nico asunto incluído na orde do d3a, adopt3ndose o seguinte acordo:

3NICO.- ORZAMENTO MUNICIPAL PARA O EXERCICIO 2020.

Tras deliberaci3n, som3tese a votaci3n o orzamento municipal para o exercicio 2020, unha vez confeccionado o orzamento xeral do Concello correspondente ao exercicio econ3mico 2020 as3 como as s3as bases de execuci3n e a plantilla de persoal, de conformidade co disposto nos artigos 168 e 169 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, e tendo en conta a proposta formulada polo concelleiro delegado de facenda, persoal e participaci3n cidad3 en data 06.07.2020, os informes obrantes no expediente, as3 como o ditame da Comisi3n Informativa de Facenda, Persoal e Participaci3n Cidad3 realizada en data 27.07.2020, e o Pleno da Corporaci3n, por 8 votos a favor (5 PP, 3 PSOE), 4 votos en contra (4 EU-SON EN COM3N) e unha abstenci3n (1 BNG),
ACORDA:

1º) Aprobar inicialmente o orzamento xeral do Concello de Mugar dos correspondente ao exercicio econ3mico 2020, xunto coas bases de execuci3n, cuxo resumo por cap3tulos 3 o seguinte:

ESTADO DE GASTOS

A. OPERACI3NS CORRENTES

CAP3TULO 1: Gastos de persoal.....	2.895.701,76 €
CAP3TULO 2: Gastos correntes en bens e servizos.....	2.831.699,53 €
CAP3TULO 3: Gastos financeiros	7.000,00 €

CAPÍTULO 4: Transferencias corrientes264.846,99 €

B. OPERACIONES DE CAPITAL

CAPÍTULO 6: Inversiones reales 901.197,85 €

CAPÍTULO 7: Transferencias de capital 2.500,00 €

CAPÍTULO 8: Activos financieros21.700,00 €

CAPÍTULO 9: Pasivos financieros0,00 €

TOTAL6.924.646,13 €

ESTADO DE INGRESOS

A. OPERACIONES CORRIENTES

CAPÍTULO 1: Impuestos directos.....3.045.200,64 €

CAPÍTULO 2: Impuestos indirectos.....151.450,96 €

CAPÍTULO 3: Tasas, precios públicos e otros ingresos856.767,15 €

CAPÍTULO 4: Transferencias corrientes.2.384.423,25 €

CAPÍTULO 5: Ingresos patrimoniais.....50,00 €

B. OPERACIONES DE CAPITAL

CAPÍTULO 6: Enajenación de inversiones reales.0,00 €

CAPÍTULO 7: Transferencias de capital. 474.754,13 €

CAPÍTULO 8: Activos financieros12.000,00 €

CAPÍTULO 9: Pasivos financieros.0,00 €

TOTAL 6.924.646,13 €

2º) Aprobar inicialmente a plantilla de persoal, comprensivo de todos os postos de traballo, reservados ao persoal funcionario e persoal laboral.

3º) Expoñer ao público o orzamento xeral para o 2020, as bases de execución e a plantilla de persoal aprobados, polo prazo de 15 días hábiles, mediante anuncio no BOP e no taboleiro de anuncios do Concello, para os efectos de presentación de reclamacións polos interesados.

4º) Considerar elevados a definitivos estes acordos no caso de que non se presenten reclamacións, debendo publicar o orzamento resumido por capítulos no BOP, xunto co cadro de persoal. Do orzamento xeral definitivamente aprobado remitirase copia á Administración do Estado e á CCAA simultaneamente ao envío ao Boletín Oficial do anuncio para a publicación da aprobación definitiva.

5º) Tomar coñecemento do informe de intervención de avaliación da estabilidade orzamentaria, da regra do gasto e do nivel de débeda.

DELIBERACIÓN

Sr. Alcalde (que traducido di): Bueno, en primeiro lugar damos comezo á sesión plenaria... este non é, espera... co único punto da orde do día que é o orzamento municipal para o exercicio 2020. Bueno, hoxe damos a benvida á Secretaria, Marta, que ven a suplir as vacacións do secretario titular, dámoslle a benvida en primeiro lugar. E en todo caso pois pasamos a este punto único que é o orzamento municipal para o exercicio de 2020. Ten a palabra o presidente da comisión de facenda para presentar este punto. Bueno, ¿eh?... ¿e que dixen?. Perdón, delegado, delegado.

Sr. Mahía Prados: Bueno, señor Alcalde, señora secretaria, señora interventora, señores concelleiros, bos días. Hoxe traemos aquí a... un punto único, ao que sería a aprobación do orzamento do ano 2020, que este ano non está en vigor, e que comenzou a súa tramitación en xuño deste ano. Pasou por comisión, comezando así coa súa... o cauce formal, logo de incluír... bueno, tódolos REC's que se foron realizando ao longo do... do inicio do primeiro... bueno, ao longo do primeiro semestre do ano, e tramitar xunto con este orzamento o Plan Económico Financeiro para os anos 2020 e 2021, e unha modificación de crédito... que foi a modificación de crédito número cinco que tramitouse tamén con ese Plan Económico Financeiro e cos orzamentos, de suplemente de crédito financiado con cargo a remanente de aproximadamente 680.000 euros. O importe destes orzamentos son case sete millóns de euros, 6.924.646,13 euros, e dentro deles e... xa como relatei na comisión na cal se expuxo os orzamentos, engloba a adquisición, principalmente dunha... dun edificio para unha biblioteca aquí en Mugardos, que todos sabemos que é unha demanda por parte da cidadanía mugardesa e que todos estamos nese sentido de acordo en que necesitamos unha nova biblioteca. Dupli... multiplicamos por seis a partida destinada a axuda no fogar, á xestión do servizo, e tamén multiplicamos por dous, grazas ás achegas que fixeron outras administracións, como foi a Deputación da Coruña, as axudas destinadas a persoas sensibles pola situación derivada do

COVID. Como dixen na comisión no seu momento, non son os orzamentos que me gustaría presentar pero son os orzamentos que Mugar dos necesita. O motivo desta frase non é outro que había xa moitas partidas comprometidas, moitas partidas tocadas e son uns orzamentos que son as bases do 2021. Comunicar, xunto con estes orzamentos, que xa se comezou coa tramitación dos orzamentos do 2021, coa intención de neste ano aprobar dous orzamentos, si todo vai ben e así o dispoñen o.. esta corporación, hoxe se aprobarían estos, e nas vindeiras datas comezar xa a traballar para que estean en vigor o 1 de xaneiro os orzamentos de 2021. Destes orzamentos xa había comprometidos para cando se comezou a tramitación cerca de 1.700.000 euros de diferentes partidas, que se poden segregar, porque... que eu penso que non é o lugar para facelo, se así o dispoñen os demais grupos pois si que entraría de forma pormenorizada dentro de cada área, dentro de cada capítulo onde se imputaron. E nada máis, ven ditaminado pola comisión correspondente e quedo á súa disposición pois para clarear calquera tipo de dúbida e... referente a este tema.

Sr. Alcalde (que traducido di): Bueno, pois moitas grazas. Unha vez presentada a cuestión abrimos un primeiro turno. ¿Palabras?. Pois vale, pois e... ten a palabra pedida BNG, PSOE e Esquerda Unida. Gemino, por favor... do BNG.

Sr. Varela Filgueiras: Si, bueno, hola, bo día a todos e a todas. Eu antes de nada quero comezar facendo un pequeno apuntamento, e é que estamos no mes de setembro debatendo os orzamentos do ano 2020. Orzamentos que por certo deberían vir a Pleno como moi tarde en decembro do ano 19, pero bueno, supoño que no momento no que vostedes chegaron ao goberno máis todo o que se derivou da crise do COVID-19, pois foi o que fixo que presentaran estes orzamentos fóra de prazo. Pero tampouco debemos esquecer que esta era unha crítica habitual do Partido Popular cando se debatían orzamentos anteriores. E bueno, para min é motivo de... non sei si de satisfacción ou alegría que o Partido Popular fora quen de preparar uns orzamentos despois de case dous anos de goberno, orzamentos que por certo deberían ser e... e si facemos caso das palabras do concelleiro de facenda, que van a ter unha vixencia de aproximadamente tres meses. Tamén é moi común que a maioría dos representantes e das representantes políticos pois vexamos un pouco o programa electoral co que concorreremos ás eleccións máis como unha ferramenta de propaganda que como un documento de traballo. E entendo que cun goberno en minoría, con cinco dos trece e das trece concelleiras, pois un goberno non pode desenvolver tódalas políticas que quixera. Pero o que si teño claro é que debería de tratar de reflectir, algo do que ía nese programa de... político, co que concorreu ás eleccións, nestes orzamentos. Porque o certo é que vostedes nestes orzamentos pois non reflicten practicamente nada do seu programa de goberno, e senón pois imos ver un pouco, e isto non formaba parte do programa de goberno do Partido Popular, pero tamén veu un pouco a conta. O 1 de outubro do ano 2019 o PP de Mugar dos solicitaba a mellora da Avenida de Galicia por tratarse dunha necesidade e ademais debería de realizarse na súa totalidade; recursos para mellorar isto nos orzamentos cero euros. O turismo é un dos piares económicos de Mugar dos, o noso goberno vai a transformar a forma en que Mugar dos atrae aos visitantes para facela xeradora de emprego, levando a cabo entre outras as seguintes medidas: recuperación da lancha... por desgracia isto non depende tan só da vontade do goberno de turno... e mellora de infraestruturas; isto tampouco é verdade nestes orzamentos. Co noso goberno os maiores de Mugar dos disporán dos servizos de calidade que necesitan con infraestruturas modernas;

orçamento para estas infraestruturas cero euros. Queda moito por facer e non podemos chegar tarde ao coidado do medioambiente, recollida de enseres a domicilio de luns a domingo, programa de reciclados e segunda oportunidade, rexeneración do litoral, benestar animal, sendas, parques e xardíns, nada disto aparece nos orzamentos, agás a contratación do servizo de limpeza de parques e xardíns e que por desgracia non contempla todos os do Concello. Porque, ¿canta inversión van a adicar para o aparcamento da Escola unitaria de San Xoán?, ¿e para o da Gallada?, ¿e para o programa de limpeza de rúas e beirarrúas?. ¿Cales son as bonificacións fiscais para os autónomos e os pequenos negocios?. ¿Canto destinan nos orzamentos para a ampliación do servizo municipal de podoloxía e fisioterapia?. ¿Contemplan nestes orzamentos a eliminación do imposto de obras menores?, ¿as rebaixas na taxa da piscina?, ¿o aumento das bonificación en taxas e impostos por situación familiar?. ¿Canto destinan no orzamento para o desenvolvemento do proxecto de beirarrúas entre o Peteiro e o Baño?, ¿ou para a senda Bestarruza o Baño?. ¿E canto para converter o Zárate en auditorio?. E por certo, levamos agardando pola memoria valorada do Zárate durante anos, algo que tamén era unha reclamación do Partido Popular cando estaba na oposición, pero que agora parece esquecer. ¿Canto destinan para a ampliación e creación de aparcamentos na Rúa Castelao, no casco antigo ou no cemiterio de San Xiao?. ¿E para a urbanización da Seaña e Simou?. ¿Para a nova sede do Club do Mar?. Ou incluso para a instalación de pistas de padel e ampliación do aparcamento no pavillón. ¿E para o acceso ás Casas Baratas polo Contramestre Casado?. ¿E a apertura da rúa que une Castelao co Mercado?. Xa lles digo eu, nada disto se contempla nestes orzamentos, pero como ben dicía antes, sei que non é fácil gobernar con cinco dos trece concelleiros e concelleiras, pero eu creo que aquí hai algo máis, creo que o goberno se está a conducir sen proxecto, sen programa e dende a ocorrencia. Non hai un proxecto de vila, improvísase de maneira permanente e hai unha ausencia total de prioridades. Ata agora, e agardo que isto sexa debido ao COVID, o ritmo do goberno vai ao ralentí, e estanse a desatender obrigas básicas, apagados que non se atenden, cunetas que non se desbrozan e que invaden beirarrúas, estradas, zonas verdes, parques e xardíns totalmente desatendidos, retrasos na formalización de contratos que tanto reclamaban cando eran oposición. Pero bueno, tamén é certo que aparte de aproveitar para criticar as xestións do goberno este Pleno tamén podería servir para que se recolleran algunhas das nosas achegas, e... si o PP tivera a ben dialogar co BNG pero vexo que tan só o fixo co Partido Socialista. E ben, con respecto aos seus orzamentos non teño moito máis que dicir, agás que consegue aprobalos nove meses e... con nove meses de retraso, e que polo tanto a produción municipal ata o día de hoxe estivo rexida polos orzamentos do ano 2017, o cal demostra que non deberían de ser tan malos. E ben, aínda que non son crente hoxe aquí vou a facer un acto de fe, e vou a facer un acto de fe no sentido de que vou a crer nas palabras do concelleiro de facenda cando di que a día 1 de xaneiro do ano 2021 vamos ter uns orzamentos novos. E ogallá non me teña que arrepentir e poidamos ter uns orzamentos moito máis consensuados. E xa para rematar dicir que teríamos agradecido un diálogo sincero co goberno en minoría do Partido Popular, pero isto non foi posible porque o goberno popular non tivo vontade ningunha de negociación, polo menos co BNG. E entón, como digo, vou facer un acto de fe e vamos a votar pola abstención.

Sr. Alcalde: E... José Ángel.

Sr. Martínez Bardanca (que traducido di): Grazas. Bueno, bos días. Bueno, nós neste caso efectivamente compartimos coa intervención do BNG o tema do retraso nos orzamentos deste ano, van con moito retraso. Nós criamos que era fundamental que houbera uns orzamentos no ano 2020, máis que nada sabendo xa os recoñecementos de crédito que había sobre o do 17 e bueno, pois sabendo a situación na que nos íamos a atopar con todos... con todos estes pagamentos, sabíamos que os orzamentos ían a ser uns orzamentos máis ben anecdóticos ¿non?, a partida de investimentos ía a estar bastante reducida, pero si criamos que era fundamental que houbera orzamentos este ano para poder, digamos, ter unha base real do que poden ser os orzamentos do ano que ven que aí creo que si que é onde se debería de ter xa, pois digamos, un... encamiñar, dalgún xeito, o que vai... o que queremos facer no pobo. Digo que queremos porque, efectivamente, tal e como dicía o voceiro do BNG, o goberno municipal está en minoría entón pois está obrigado, se quere ter orzamentos, a que os grupos pois fagan as súas aportacións e aproben estes orzamentos ¿non?. Eu creo que estes orzamentos van a saír... van a saír aprobados, efectivamente, simplemente por unha cuestión ¿non?, estamos en setembro, partíamos duns orzamentos do ano 2017, efectivamente o que é a parte de investimento, evidentemente non vale, e a parte de persoal e a parte de gastos correntes máis ou menos pois está... debe axustarse ¿non?, e logo pois o resto dos orzamentos recollen, eu creo, un pouco o que son... o que quedou de investimento... recolle os investimentos que veñen xa de anos anteriores, veñen... porque principalmente estamos falando de que... establecendo a biblioteca como gasto, digamos, estrela, e pouco máis... e a Escola Infantil, a ampliación da Escola Infantil, que son cuestións que eu creo que xa veñen de bastante atrás ¿non?. O exporse facer un planeamento novo do pobo cuns orzamentos en catro meses nos parecía complicado ¿non?. Efectivamente os orzamentos do 2017 son os que estaban vixentes, son os que estaban en vigor, pero hai que ter tamén en conta que non é que... que non son válidos para o 2020, a vida subíu e bueno, e toda a parte de investimento, efectivamente, son... contempla obras que xa están feitas ou que xa non se van a facer ¿non?. Entón nós neste caso cremos que os orzamentos son moi necesarios, son moi necesarios por unha cuestión, porque a lei, o Réxime de Bases de... de Réxime Local, a regulación das bases, e tamén a Lei Reguladora das Facendas Locais danlle moita importancia aos orzamentos, é practicamente a ferramenta fundamental dun concello. Entón o que non comprendemos é como podemos estar... como puidemos estar tres anos sen uns orzamentos, co que cambiou a vida neste tempo, e máis aínda, fíxense si lle dá importancia a lexislación, que é un dos motivos polos que.. polos que o Alcalde podería pedir unha moción de confianza, podería convocar un pleno de moción de confianza por non aprobar os orzamentos, ou sexa, que debe de ser... a cousa debe de ser importante ¿non?. Logo tamén é importante porque os orzamentos vannos dar a coñecer en que, cales son as obrigas que vai a asumir o Concello, cales son os ingresos e os gastos que vai a ter o Concello, e principalmente a nosa labor como concelleiros pois é controlar que iso se leve a termo e que se cumpra, unha vez que consigamos aprobar uns orzamentos ¿non?, e cheguemos a un acordo entre todos para aprobar uns orzamentos. E ademais eses orzamentos despois pois van a ser os que van a dar a transparencia aos veciños, que van a saber en que se vai a gastar o seu diñeiro, os veciños, as administracións e sobre todo nós, sabemos en que se ten que gastar o diñeiro e imos facer e imos controlar e a ver que iso se cumpra realmente ¿non?, que se cumpran eses orzamentos. Está claro que este ano era un ano complicado para que se levaran os orzamentos, nós entendimos que bueno, que dado que o goberno constituíuse en xaneiro ¿non?, en decembro ou en xaneiro, contábamos que estes orzamentos puidesen estar no mes de maio, ao mellor, sería

un bo momento, aí non teríamos tantas modificacións de crédito xa, xa non teríamos tantas modificacións de crédito e posiblemente pois poderíamos ver as cousas doutro xeito ¿non?, poderíamos ter aportado outras cousas a maiores que bueno, que pola... que por esas modificacións quedaron... quedaron así ¿non?. Entón bueno, neste caso o COVID pois seguramente tamén influíu ¿non?, será a disculpa, aínda que nós cremos que realmente non debería de ser unha disculpa porque foron quince días realmente os que non se traballaron no COVID, co cal o resto do tempo houbo teletraballo polo tanto puido terse axilizado máis e iso pois é achacable, pois evidentemente, ao goberno municipal. E bueno, pois o que si, e estamos tamén de acordo coa intervención do BNG, é que hai vontade de que haxa orzamentos, que é algo que nós ata agora, hai que dicir, que non víramos nunca. Os orzamentos, a presentación dos orzamentos é unha competencia exclusiva da Alcaldía e ata esta Alcaldía, as alcaldías que eu coñezo, non había nunca ningún tipo de vontade de que se asinaran uns orzamentos. ¿Para aprobar os orzamentos?. Pois evidentemente en minoría o goberno ten que escoitar á oposición ¿non?. Nós sempre que nos presentamos, presentamos propostas nas comisións, que é onde cremos que debemos de presentar as propostas, ou incluso pois si é necesario pois metelas por rexistro ou pedilas fóra de comisión ¿non?. Neste caso tampouco había unha excesiva marxe ¿non?, para facer propostas, nós entendimos que as propostas principais eran, en principio, liquidar a débeda e regularizar os pagamentos porque o Concello necesita estabilidade, que é algo que polo de agora non tiña, consensuar as obras do POS, que se fixo a través das comisións, e sentar as bases para que se poidan presentar uns orzamentos para o 2021, que creo que é o fundamental ¿non?. E logo dar solucións a cuestións como por exemplo a biblioteca, o Cine Zárate, etc, que son cuestións que levan aí e que non é unha cousa que vaíamos a propoñer agora nin que nos vaíamos a sacar da manga porque levan aí non sei, quince anos, dez anos... non sei, e ademais que é un compromiso, porque a biblioteca foi un compromiso que en plenos e en comisións, e incluso en actos públicos, levouse... se lles dixo, había no seu momento unha asociación que estaba reclamando esa biblioteca, cando a biblioteca... cando se decidiu que a Escola de Apelón pasara a... que se cedese á Garda Civil, había pois unha... había moita xente que había, pois digamos, que a parte desa asociación, moitos veciños asinaron un documento que se trouxo ao Concello para que se creara a biblioteca, e aquí se comprometeu, o Concello se comprometeu a que ía a haber unha biblioteca, cousa que ata o de agora pois non vimos. Entón nós cremos que esa... unha das bases principais para aprobar o orzamento é que se comece o trámite de que exista unha biblioteca en Mugarbos, e bueno, pois cremos que no ano 2020 xa é bo momento para que iso sexa... para que iso sexa así. E logo bueno, pois nada, simplemente dicir que tamén... perdón, tamén solicitamos e cremos que é importante, é unha das nosas propostas, que se faga unha oferta... que se faga unha oferta pública de emprego ¿non?, e o Plan de Urbanismo. Pero bueno, iso xa é moi... o Plan de Urbanismo é moi complicado e a oferta pública de emprego estamos pendentes de que este ano o goberno pois cumpra e saque esa... esa oferta ¿non?. E bueno, nada, simplemente dicir que... que a situación que había aquí é unha situación anómala, estar tantos anos cuns orzamentos prorrogados e cremos que é necesario o diálogo; nós o diálogo a todos, ou sexa, entre todos ¿non?, si queremos que o pobo avance, como dicía algún na campaña electoral, ten que ser dialogando, a única maneira de avanzar é dialogando e propoñendo, e sobre todo pois tratanto de facer o que eu... nós estamos tratando de facer, que cremos que é o axeitado, facer unha oposición positiva que leve ao pobo cara a adiante, criticando cando hai que criticar, dicindo as cousas cando hai que dicilas, pero tamén tratando de que se saquen temas adiante porque senón a cuestión é moi complicada. E bueno,

pois e... as nosas propostas, que foron recollidas polo goberno, e veñen recollidas nos orzamentos, son en principio pois propostas dos veciños e é en beneficio de todos ¿non?. Nada, simplemente bueno, como dicía, entendo que os orzamentos non van a ter problema porque xa veñen practicamente das modificacións de crédito, e os investimentos pois eu creo que estaremos todos de acordo en que os investimentos son as máis urxentes e axeitadas que podemos facer agora mesmo ¿non?. Nada máis, grazas.

Sr. Alcalde (que traducido di): Ben, e... Pilar.

Sra. Díaz Otero (que traducido di): Bueno, bos días a todas e a todos, benvida aínda que sexa, creo de forma temporal ¿non?, á nova secretaría. Nesta primeira intervención... nós entendemos que este borrador do orzamento que obviamente vaise a aprobar hoxe, dadas as intervencións que me precederon e dada... tal e como se desenvolveu a comisión de facenda, non concreta o que para nós serían os tres parámetros fundamentais que debería de conter este orzamento dada a situación que temos provocada pola crise sanitaria, e estoume a referir á COVID. Cremos que non dá resposta... dunha resposta concreta, despois explicarei o porque digo o de concreta, á prevención dos contaxios da COVID-19, porque non aporta medidas de choque para paliar a crise económica, e porque tampouco aborda proxectos de futuro. É verdade que é algo que a nós non nos resulta novo e digo que non nós resulta novo porque se nos detemos a analizar o resultado destes últimos nove meses de goberno, as propostas presentadas e formuladas polo noso grupo, tanto en comisións coma en pleno, case podemos dicir que por unanimidade foron rexeitadas e que pretendían abordar os tres parámetros que mencionei anteriormente; por unha parte a prevención dos contaxios, por outra banda as medidas de choque para paliar a crise económica e por outra banda os proxectos de futuro. Só se admitiu a que se presentou pola vía da urxencia para concorrer á poxa formulada por Facenda en canto aos terreos da súa propiedade en... que están sitos no P4, o resto das iniciativas foron rexeitadas ou ben co voto de calidade do Alcalde ou ben porque non conseguiron a maioría plenaria coa suma de votos de grupos a... á votación do Partido Popular. En canto á prevención dos contaxios da COVID, das medidas de choque e dos proxectos de futuro, cremos que estes orzamentos non concretan unha planificación seria e con rigor dos traballos de limpeza e desinfección dos espazos públicos e do seu mobiliario; é algo que se ven arrastrando durante estes meses, nós formulamos diferentes iniciativas, tamén naquela comisión especial que se creou, tendo en conta a crise económica e a recomendación da FEGAMP. Tampouco recolle de xeito explícito a convocatoria de axudas para o sector primario, para as familias que estiveron ou están en ERTE, para o préstamos de dispositivos dixitais, para minimizar a fenda dixital, ou a derogación incluso de diferentes taxas ou a exención do pagamento en determinados meses doutras taxas. Pero ao mesmo tempo tampouco recolle proxectos que nós entendemos que polo seu tempo de maduración e que ademais porque xa tiñamos protocolos asinados nalgún caso, e outros serían de iniciativa nova, que xa formulamos en varias comisións, estoume a referir en concreto á compra da Casa do Pintor Bello Piñeiro, por todo o que supón non só para a desconxestión do tráfico no Seixo senón como un proxecto de futuro que permita dotar dun novo valor á parroquia de Franza e no núcleo de O Seixo, ou o inicio do trámite para a conversión da Escola de O Seixo, como todo o mundo sabe pechada pola Consellería de Educación, nunha Escola Infantil que permita asentir poboación no rural, e que permita ademais ir dotando de servizos a esa parroquia e que nos permita tamén, ao mesmo tempo,

afrontar ese futuro de incremento de poboación e rexuvenecemento da poboación que Mugardos precisa. Nese sentido tampouco atopamos concreción en canto a continuar coa compra de terreos no P4, que bueno, como vimos por unha das actas da Xunta de Goberno, por fin, acabouse co expediente comezado no 2019, da compra de parcelas no P4, e que é un proxecto que nós entendemos fundamental para o desenvolvemento do núcleo urbano de Mugardos, con esa gran praza pública, e o abandono do proxecto de biblioteca con esa memoria valorada aprobada pola Dirección Xeral de Patrimonio, e ao mesmo tempo ademais cun protocolo para o seu financiamento de medio millón de euros por parte dunha das empresas radicadas en Mugardos, optando por outro proxecto diferente, descoñecido ata o día de hoxe, salvo polos grupos que están a falar desa compra ou dese diñeiro de 80.000 euros para a compra dun local que a día de hoxe tampouco sabemos cal é a súa situación, aínda que si que sabemos que está no centro, e aínda que si parece que hai veciños e veciñas de Mugardos que saben perfectamente cal é o edificio. E en todo caso tamén faltaría un proxecto de dinamización económica coa súa aportación económica correspondente. Nós cremos que neste momento non é un orzamento normal, non só pola época do ano en que se presenta, con actuacións que nós entendemos que serían prescindibles nesta situación actual que estamos a vivir e incluso algúns innecesarios ou única e exclusivamente propagandísticos, ou única e exclusivamente para pagar as páxinas de periódicos que se enchen... ou doutros medios de comunicación ou doutros supostos medios de comunicación como así vimos a través das resolucións e dos diferentes... Con todo elo, é verdade que se analizamos polo miúdo o orzamento e as súas bases de execución, é obvio que o que estamos formulando nós, que o formulamos durante meses, que dilapida de aquí a fin de ano, non só para que se poida empregar a vinculación de partidas, tal e como ven reflectido nas bases de execución, senón porque eu creo que é obvio que no capítulo de gastos hai partidas infladas, que non as vou a detallar aquí, pero verémolo na liquidación do ano 2000... do ano 2000... 2020, e que polo tanto se poida traballar nelas a partir da aprobación destes orzamentos, dado que non se quixo facer no orzamento por anulación de parte das cantidades correspondentes a esas partidas, ou no incremento de ingresos a través de partidas que hoxe se atopan moi minoradas no capítulo de ingresos, aínda que por outra banda podemos ver que hai partidas correspondentes ao capítulo de ingresos que poderían estar, polos datos obrantes a día de hoxe, infladas tamén. En todo caso, e para rematar, nós cremos que non responden á situación de crise sanitaria, económica e social que Mugardos está a padecer coma o resto do mundo, porque non só é unha cuestión que se circunscriba ao Estado, que non soubemos acompañar dende o Concello as medidas que se puxeron en marcha, fundamentalmente polo Goberno Central esas medidas de choque para paliar a situación de crise económica e a situación de crise sanitaria e que por outra banda tampouco dá resposta a eses proxectos de futuro.

Sr. Alcalde (que traducido di): E... bueno, e... esgotado este primeiro turno, ¿desexa algún grupo pedir un segundo turno?. Comezamos o segundo turno, ¿palabras?. Pilar... José Ángel... ¿ti non pediches? ¿non?. Bueno, pois entón... José Ángel.

Sr. Martínez Bardanca (que traducido di): Neste segundo turno quería comentar un pouco... isto ao mellor é o aforro ao que se refería nas intervencións, isto non é de agora, isto é que non se está a prestar un servizo, é que hai uns empregados que non están e precisamente si xa concretamos un pouco máis e nos vamos á parte onde están os empregados que efectivamente pois fan o servizo de limpeza, aí é onde falta a maioría do persoal, atopámonos que hai seis

postos de doce, iso é unha porcentaxe que... considerable, con dúas prazas cubertas atopámonos con que falta o 33% do persoal de limpeza, e claro, non podemos esixir a limpeza, podemos esixilo, pero a primeira esixenci ... e iso creo que é o primeiro punto, o punto principal ¿non?, un dos puntos principais agora mesmo neste Concello, cumprir, cumprir o orzamento no tema do persoal, que é unha cuestión que non se cumpría, e tampouco vin excesiva... excesivo interese en que se cumprira ¿non?. Eu... nós no momento en que... no pouco tempo que exercín de concelleiro de persoal, presentei, ou sexa, pedín que se presentara, e así se fixo, os pregos para a contratación dun encargado municipal, que ademais, en teoría, é o posto principal aí, porque é o que ten que organizar despois o servizo, pero a cousa diluíuse no tempo e quedou... e quedou en nada. Claro que logo nos vemos na situación de que temos que esixir que se realicen as cousas e non se fan. Polo tanto eu si que o que esixiría primeiro é que se cumpra o orzamento e que se contrate ese persoal, que saia a oferta pública de emprego para contratar a ese persoal ¿non?. Ou senón retirar... En canto ao capítulo dous.. isto pois nestes últimos anos é como un caixón desastre, aí desaparecen partidas, pasan para outras partidas, chegamos a ter dezaioito ou dezanove recoñecementos... ou sexa, modificacións de crédito, na cal nunha partida cun orzamento inicial de 100.000 euros acababa con 300.000, outra desaparecía todo, ou sexa, non se gastaba nada, ¿entón para que está esta partida aquí?... non eran bos os orzamentos do ano 2017, eran bos para o 2017, ao mellor si, pero no 2019 non. Entón esas partidas... e agora o que lle imos esixir ao goberno e o que pedimos ao goberno é que debe de cumprir co... ten que cumprir esas partidas. Entendemos que pode haber modificacións de crédito... por causas sobrevidas, normal, calquera xestión que veña a maiores ao pobo que haxa que cumprir, e que non haxa fondos, e que haxa que facer unha modificación de crédito, pero non queremos que se traballe con modificacións de crédito como xeito habitual de traballar, que é o que vimos arrastrando. E no 2017 tamén se arrastrou, non é que por haber orzamento no 17 se cumprira, non, non se cumpriron, non se cumpriron, había algunhas partidas de investimentos que logo non se cumpriron, había unhas partidas para... determinadas partidas, que non vou a dicir cales son esas partidas, que todo o mundo as coñece, nas cales se chegaba a gastar case o dobre do que había no orzamento. E iso nós non imos a permitilo, vostedes asinan uns orzamentos cuns importes por partida e logo aí pois cada concelleiro delegado ou quen sexa o responsable desa partida, pois terá que asumir que ese é o gasto que ten que... do que dispoñer. Este... batiburrillo de ter que buscar para... uns orzamentos municipais dezaioito modificacións de crédito a min fáiseme... fíxoseme imposible ¿non?, e a maioría nesta parte, no tocante a... servizos, pois son ademais os gastos que eu creo que máis afectan... que é cando hai unha avaría nun sitio ou unha reparación, cando hai que facer... repoñer calquera material que se estropease... repoñelo con estas partidas, e bueno, aí é onde vexo que se producen... e non vamos a permitir que se modifiquen as partidas sen ton nin son. En canto ao capítulo catro é importante que se axilice a xestión, que efectivamente este ano é... pero si que ten uns gastos correntes e creo que é fundamental que se cubran esas necesidades... non imos a causarilles un prexuízo... aprobar eses orzamentos por parte do Concello... nalgúns casos pódese chamar aforro, pero non o é. E logo en canto ás... ao capítulo de investimentos, vemos que efectivamente, practicamente o 90% dos investimentos veñen de cuestións xa faladas anteriormente, son obras e servizos, tanto os que van ao POS como a... que veñen de anos anteriores, que están aprobados polo Pleno, e simplemente pois como novidade se formula o tema da biblioteca, da Escola Infantil e bueno unha obras... en O Seixo, e creo que pouco máis ¿non?. Entón bueno, dicir, pretender con eses importes que hai aí un plan de futuro para Mugardos en catro meses e tal, véxoo... véxoo

complicado. Bueno, en todo caso nós a nosa aportación foi que se... que se aportara a biblioteca e creo que bueno, pois é o que debemos facer, ademais de tódolos POS que xa van recollidos nese... nese orzamento e que tamén foron votados, en moitos casos, tamén por tódolos grupos ¿non?, por maioría. E nada máis, bueno, si por último tamén que no caso dos ingresos, que bueno, que seguimos arrastrando ingresos, que si que efectivamente con este orzamento o tema de gastos parece que se encarrila a levar dun xeito de traballar digamos normal ¿non?, pero os ingresos pois non... aínda... como aprobamos recentemente no pleno do estado da... bueno, da situación das contas do ano 2019, si que efectivamente, hai aí un... deixaba reflectido a intervención de que había unha partida de ingresos que non... que bueno, que non estaba correctamente contabilizada e iso creo que é o vindeiro que hai que tratar de evitar e tratar de corrixir ¿non?. Nada, por último dicir que bueno, que evidentemente o noso voto vai a ser positivo, favorable a estes orzamentos, e que imos a esixir e imos a tratar de facer todo o que esta na nosa man para que se cumpran a rajatabla estes orzamentos.

INCIDENCIA: Faise constar que a segunda intervención do concelleiro D. José Ángel Martínez Bardanca no presente punto da orde do día non se transcribe na súa integridade por non ser audible na súa totalidade.

Sr. Alcalde (que traducido di): E... vale, moitas grazas. E... pedira o turno e... Pilar.

Sra. Díaz Otero (que traducido di): Bueno, pois xa para rematar e antes de que entre... interveña o delegado de facenda, na súa primeira intervención facía referencia á explicación do contido do orzamento na pertinente comisión... bueno, debeu de ser noutra comisión, porque dende logo na do 27 de xullo do 2020, que foi á única á que foi a aprobación, se procede, do proxecto de orzamentos 2020, en primeiro lugar tomou a palabra a presidenta da comisión, que tal e como se recolle en acta a dita presidenta da conta do asunto de referencia e ábrese unha quenda de intervencións. Nós nesa comisión formulamos unhas cantas cuestións que tiñan que ver, algunhas co capítulo de investimento, que tiña con respecto á rehabilitación da vivenda de propiedade municipal da Rúa Fene, para a que se solicitara unha subvención e que chegou a contestación e que... bueno, solicitamos nesa comisión pois saber o resultado da contestación, dado que non reflexaba nada o propio orzamento municipal, como así se... como así se mantén a día de hoxe. É certo que non se nos contestou nesa comisión pero tampouco se nos contestou nas diferentes comisións, máis aló nalgunhas outras comisións, de que se levaría a algunha comisión. Tamén solicitáramos información sobre a obra do pavillón municipal, que si que ven reflectida no anexo de investimentos, sobre cal ía a ser o financiamento ademais de ver o proxecto, porque o goberno, obviamente empregando as súas competencias, solicitou a subvención, a día de hoxe tampouco o sabemos e si que é unha obra que está incorporada ou en relación co gasto plurianual das obras de ampliación da Escola Infantil e o convenio asinado co Consorcio, que tamén ven no anexo de investimentos recollido como un investimento plurianual e que a día de hoxe, a pesar de que, bueno, o solicitamos nesa comisión e o solicitamos en diferentes comisións, non temos coñecemento. Eu entendo que somos os únicos grupos que non temos coñecemento desta... desta situación, e polo tanto, bueno, tomámonolo como unha deferencia por parte do goberno ao noso grupo municipal, que sexamos o único

grupo que non teñamos a documentación que obra en poder do Concello, e que entrou por rexistro dende fai bastantes meses neste Concello en canto a dous investimentos que veñen reflectidas no anexo de investimento, como era a do pavillón municipal ou... a Escola Infantil, ou a non aparición no capítulo de investimentos da rehabilitación da vivenda de propiedade municipal na Rúa Fene. É verdade que fixemos outras dúas preguntas que teñen que ver sobre os gastos correntes que asume o Concello en función do acordo ao que se chegara con Augas de Galicia, o Concello de Ares, o Concello de Fene e o Concello de Mugardos, en canto á EDAR, e a parte correspondente que debía de percibir o Concello de Mugardos, pois en función dese acordo do Concello de Fene, para o mantemento do bombeo das Cagallas, bueno, tampouco se nos deu información. E, bueno, preguntábase polo Punto Limpo, que non aparecía, e si se descartaba facer a aportación para o 2020; cremos que esta cuestión foi á comisión realizada fai pouco, bueno, pois temos claro que Mugardos pola vía dos feitos, descolgouse, do Punto Limpo, aínda que é verdade que ese debate non se deu con ese carácter na comisión, senón que se deu a información dalgunha reunión que se tivo entre os concellos de Fene, Cabanas, Ares e Mugardos, pero que entendemos que unha vez que o Concello de Fene enviou o convenio e que non aparece nada reflectido no orzamento, pois que Mugardos descarta participar no Punto Limpo que se porá en marcha antes de final de ano. Bueno, o certo é que nestas cinco cuestións formuladas... a resposta da presidenta foi que se someta a votación sen contestar a ningunha delas. Polo tanto nin o delegado de facenda contestou nin a presidenta da comisión de facenda contestou na única comisión informativa de facenda que se celebrou para tratar os orzamentos que hoxe están no... no Pleno. Por outra... por outra banda este Concello aprobou, co goberno anterior, non co goberno PP-PSOE que hai na actualidade, aprobou unha oferta de emprego, quero lembrar que unha das prazas que saíu aprobada nesa oferta de emprego que se puxo en marcha foi impugnada polo Partido Popular, e polo tanto aí está o expediente, que era o do Xefe da Policía Local. Quero lembrar tamén que a outra praza que se puxo, que se chegou a convocar de... por promoción interna de... quedou vacante por non ter a ninguén que se presentase, e que quedan aínda, desa oferta de emprego, algunhas por cubrir, e que hai outras vacantes, que aparecen como vacantes na plantilla de persoal, como pode ser obvio, pero que están cubertas e con dispoñibilidade económica, como é o oficial primeiro da auga e unha limpadora. Bueno, o oficial primeiro da auga está en... e... polo tanto ese 12% parece que se minora, quedando un oficial de primeira, un oficial de segunda e o xefe de persoal. Eu creo que é bo, cando facemos algún tipo de intervención, porque ven sendo reiterado, en canto á oferta de emprego, saber que se fixeron ofertas de emprego, ver no contexto no que se fixeron, que por certo, tivéronse que aprobar coa desaparición dos grupos municipais desa comisión e coa non participación dos representantes dos traballadores, e coa outra oferta de emprego que se puxo encima da mesa que tampouco se chegou a poder aprobar por falta de quórum. Polo tanto si houbo oferta de emprego para cubrir as vacantes durante estes anos e outra praza, como digo, que foi impugnada no seu momento no seu momento polo grupo municipal do Partido Popular. Outra cousa diferente é que se queira, como así xa se encargou a revisión da RPT, e creo ademais lembrar palabras do delegado de persoal que durante os quince primeiros días de setembro íanse a reunir co Comité de Empresa para abordar esa cuestión e que puidese ser aprobada antes de... de fin de... de fin de ano. A nós por último chámamos un pouco a atención que non teñamos a execución do orzamento a estas alturas, que non estea incorporado no expediente, non temos coñecemento nin da execución trimestral, estamos en setembro, e é verdade, e está incorporada o avance da liquidación do 19, nin sequera a

liquidación do 19 está incorporada a este expediente, pero ao mesmo tempo non está incorporada tampouco a execución do orzamento para que puidésemos ter un coñecemento, que é obvio, e así se necesita por parte dos concelleiros para poder votar este orzamento de cales son as partidas que xa están practicamente esgotadas e cales non para que se puidesen formular diferentes alternativas. Entón, se temos en conta que na comisión foi cero explicacións por parte do goberno, que non se concretou a documentación que se solicitou, e que ademais ven incluída dentro do orzamento, que non temos a execución do orzamento prorrogado, e que hai algunhas cuestións nas bases de execución que non son modificadas, e que era unha cuestión que trouxo varios plenos e queixas en diferentes institucións porque non se daba conta dos contratos menores e porque non se daba conta dos levantamentos de reparos porque nas bases de execución viña contemplado que se daría conta coa explicación da Conta Xeral, si que nos chama a atención que esa modificación non se introduza para que se poida vir ao Pleno o levantamento dos reparos, tal e como veñen outras resolucións ao mes, no Pleno Ordinario do mes, e que esta modificación non se recollera nas bases de execución do orzamento; ao igual que nos chama a atención que tendo sido enviados os datos do primeiro e segundo trimestre do ano 20 ao Ministerio, en canto ao periodo de pagamento e en canto ao ratio de operacións pendentes, que por certo, é o último máis alto dos últimos... dos últimos anos, o ratio de operacións pendentes de pagamento. E o... e o ratio de operacións pagadas é o máis baixo dos últimos anos, pero é obvio que para o goberno todo vai ben, aínda que non estamos nesa circunstancia. O motivo do noso voto en contra vai a ser, como dixeran ao principio, non que non se nos facilitase a información, non que non teñamos a execución do orzamento prorrogado do 2017 nin que se dese unha explicación do orzamento, dado que o goberno xa non o merecía, porque ten tódolos datos encima da súa mesa, senón que non aborda o que nós cremos que é fundamental neste momento de situación de crise sanitaria e económica que é... a prevención dos contaxios COVID, as medidas de choque para paliar a crise económica e eses proxectos de futuro que xa estaban iniciados e que están quedando no caixón.

Sr. Alcalde: Bueno e... Miguel.

Sr. Mahía Prados: ¡Que cara!. Creo que... vou a comezar, tiña pensado comezar a rebatir varias cousas do BNG, ampliar algunhas cousas do PSOE, pero de verdade que non me esparaba para nada as mentiras, as verdades veladas que se dixeron aquí por parte dun grupo que estivo torpedeando dende o minuto un con alegacións ao ROM para traer a debater os orzamentos en setembro, agora dicir que por que non se trouxeron antes, hai que ter cara. Comezando polo BNG, mire, eu son concelleiro delegado de facenda dende xaneiro deste ano, e dende que son concelleiro delegado de facenda non fixen outra cousa que pagar pufos, pagar REC's, pagar horas extras que se lle debía ao persoal, pagar pufos coas administracións veciñas, e traer... poñer en orde 42 reparos, 42 reparos por parte de intervención a diversos contratos que había do anterior goberno e quero preguntarlle, ¿sabe cantos reparos fixo este goberno?, propios del ¿eh?, cero, dende que eu son o concelleiro delegado de facenda, cero reparos, os que está levantando o Alcalde son pola xestión que fixeron outras persoas e que deixaron o Concello como estaba. Vostede fala de que non hai inversión para a Avenida de Galicia, non hai inversión para turismo, non hai inversión para maiores, non hai inversión de reciclaxe... mire, o concelleiro de obras leva sufrindo a falta de contenedores dende que é concelleiro de obras, porque non había contenedores neste concello. Con estes orzamentos que van aquí, no anexo

de inversións do que tanto lles gusta falar, e que tanto falan del de que non se trae nada, de que... con moito esforzo temos aquí presupostados 36 contenedores por valor de case 7.000 euros; que eses 36 contenedores son máis contenedores dos que puxo o goberno de Esquerda Unida dende o 2013, 2014 e 2015, datos do seu propio facebook, nun só orzamento e nun só contrato ese concelleiro que está aí sentado vai tripli... duplicar, perdón, os contenedores que comprou anteriores gobernos. Entón, iso por un lado. Referente tamén ás obras da Avenida de Galicia... oia, pero mire, ¿pero me quere dicir con que cartos pagamos aos provedores?, porque levamos 1.700.000 euros imputados en REC's e en facturas e pufos de anos anteriores, e logo hai que escoitar leccións por parte de Esquerda Unida de... é que temos o último dato de pendente de pago máis alto dos últimos anos... normal, porque non pagaban nada, porque o tivemos que pagar nós. E que hai que ter moita cara para vir aquí e dicir que é culpa nosa. O que está facendo este Concello e este goberno agora, é poñer en orde as súas contas, poñer en orde tódolos desaguisados que deixaron vostedes, que non foron poucos, e non o invento eu, me remito aos informes dos técnicos, habilitados nacionais, que pasaron un proceso selectivo dunha oposición e que son os que teñen que falar, e os políticos en base a eses informes decidir. Este goberno o que non vai a facer é coller e veña contratos a mansalva... mire, quería facerlle unha pregunta, pero agora que vou co tema de parques xa vaia pensando a resposta, ¿cal é o motivo dun sobrecoste de máis de 67.000 euros nos servizos de limpeza e xardinería deste Concello?. Vaia pensando a resposta, porque vaima a ter que dar no... no seguinte Pleno. Porque había un absoluto descontrol, descontrol e vaia vostede a saber que máis, porque eu non o sei. Falan vostedes de... contratos de... falaba tamén o BNG, de cunetas, zonas verdes, alumeados... agora, mire, nos fixemos dous contratos anuais, un desbroce de viais, outro mantemento de zonas verdes; en total son entorno a 36.000 euros, redondeando á alza, durante un ano, cumprindo escrupulosamente a legalidade e a Lei de Contratos do Sector Público, cos medios que temos... mire, é que eu non lle poido autorizar compras ao servizo de obras de ferramentas para que fagan a súa labor porque non teño fondos nas partidas Gemino, ogallá puidera coller e dicir, mercade, pero é que se mercan e me meten as facturas, ¿sabe que teño?, reparo. Pero aquí como todo... o anterior goberno pasaba todo e levantaba todos cantos reparos había pois daba igual. Pero é que así non funciona a administración, hai unha lei e hai que cumprila, guste ou non guste. A min non me gusta ter que aguantar a provedores todos os días chamadas ao teléfono porque... agora menos, gracias a deus, pero ao principio era mire pero é que levamos dúas ou tres pendentes, sen pagar... eu fun... mandamos á notificadora a Fene a facer a copia dunha chave, dunha chave que valía 3,50 e dixeron que ao Concello de Mugardos nada, que a última factura tardaron un ano e pico en pagala. E iso o sufrín eu como concelleiro de facenda. Entón aquí agora vir a dar leccións de porque non gastamos máis e porque non invertimos máis... vale, perfecto, invertimos, entón non pagamos. Os cartos son os que son, 6,9 millóns de euros os do orzamento, e non hai máis. Pode haber modificacións de remanente, que foi o que fixemos vinculadas co PEF, correcto. Pero quero recordar que deses 6,9 millóns, dous millóns e medio se van en nóminas, 1.700.000 euros en pufos... non me vou a poñer agora aquí a repasar tódalas partidas que están afectadas polos REC, porque son todas, todas. Detrás destes orzamentos hai moitísimo traballo, moitísimo traballo de dedicación por parte tanto da interventora, como da tesoureira, como da contable, como dos concelleiros de diferentes áreas, como de todos aqueles grupos que quixeron participar, porque quero recordar que na primeira comisión do COVID, na primeira, pedinlles a todos os portavoces que estaban nesa comisión que presentaran propostas para os orzamentos do 2020, o único grupo que a presentou o Partido

Socialista. Nas últimas comisións pedín propostas para os orzamentos do 2021, o único partido que a presentou por rexistro, o 28 de agosto, o Partido Socialista. Así que non me veñan vostedes aquí dicindo que non se tenden pontes coa oposición cando son vós mesmos os que non presentan propostas para este goberno, porque aquí quen propón se lle escoita, pode ser viable ou non pode ser viable, iso é o que teñen que decidir os técnicos, os políticos o que soltamos son as ideas, os proxectos, e logo os técnicos deciden se é viable ou non é viable, e se é viable que cauces legais hai que seguir para adxudicar un contrato ou levar a cabo determinado servizo. Tamén se falou aquí moito das OPE, e... por suposto hai un compromiso, lle quero comentar tamén ao voceiro do Partido Socialista, e corrixir á voceira de Esquerda Unida, dixen a segunda quincena de setembro deste ano para traer a OPE a unha comisión con... co Comité de Empresa e vouno cumprir, por suposto que o vou cumprir, porque eu non sei que clase de políticos pensan vostedes que somos que cando dicimos algo non o cumprimos. Este concelleiro comprometeuse a traer unha OPE antes de que finalizara o ano e vai a ter unha OPE antes de que finalice o ano. Este concelleiro comprometeuse a ter uns orzamentos para o 2020 e hai uns orzamentos para o 2020. E comprometinme a que houbera uns orzamentos para o 2021 e vou tratar de poñer todo o meu empeño e toda a miña forza en que haxa uns orzamentos consensuados e que de verdade Mugaros mereza para o 2021. Agora ben, leccións sobre faltas de... non hai partida para tal, non hai control de tal... por parte de quen non tivo control ningún, nin a menor... nin o mínimo respecto pola legalidade, ningunha, nin a primeira. Porque me gustaría tamén que respostara a aqueles empregados que a denunciaron por vulnerar os seus dereitos laborais, se respectaba a normativa con eles, ¿verdade que non o facía?. Por iso gañaron no Xulgado. Seguimos falando dos orzamentos, non me gustan, e o digo, non me gustan, porque temos comprometidos os orzamentos polos pufos herdados, e é así, e quero recordar de onde vimos, dun concello que case estaba en quebra porque non había nin partidas para pagar, os gastos deste ano, os REC's do ano pasado, que eran 1.700.000 euros imputados ás partidas deste ano, os gastos derivados polo COVID e aínda encima téñenme que dicir hai que baixar a contribución, hai que eliminar as plusvalías, hai que... pero ¿porque non o fixeron no goberno?. É que é moi fácil estar na oposición e dicir, ala veña, sacamos todo... non señora Díaz, non, gobernar non é dicir si a todo, llo dixen unha vez nun Pleno, gobernar é tomar decisións difíciles, gusten ou non gusten. E como exemplo poño o comedor escolar, porque despois de todo o que pasamos Mugaros ten comedor, cando a solución fácil sería dicir non, non queremos comedor, como fixeron os concellos do lado, e Mugaros ten comedor, e xa falaremos tamén sobre a xestión do comedor que tamén ten moita tela que cortar aí dentro. Aquí falamos tamén vostedes de... da execución dos orzamentos, mire, é que vostede cando gobernou os orzamentos tiñan unha execución do 56%, pero vostede que está falando aquí de que facía, de que deixaba de facer, cando non executaban nin dous tercios do orzamento, nin dous tercios. Iso si, a partida de festas... macho... E ben o dixen aquí o voceiro do PSOE, que había unha serie de partidas nas que se facía modificacións, e voulle dar o dato, dous meses despois do Pleno de investidura desta lexislatura vostede modificou 1.200.000 euros de partidas, e están aí as actas das comisións e tamén están as resolucións da alcaldía, 1.200.000 euros sen necesidade de Pleno, e logo nos atopamos con que claro, non estaban... estaban as facturas da luz sen pagar, claro, e logo nos atopamos con que Correos nos vai a cortar o subministro, porque levamos tres meses sen pagar; e logo nos atopamos coa empresa de telefonía, que nos vai a cortar as liñas do teléfono porque levamos catro meses sen pagar. Pero vostede claro, na oposición... ¿que responsabilidade hai?. Gustaríame, por favor, que vostedes pasaran o que pasou este goberno

co COVID, facendo o que fixemos, e aínda encima, e está aquí a interventora, controlando o gasto e controlando a estabilidade do Concello, porque o fixemos ¿eh?, porque hai un compromiso por parte... non deste concelleiro, senón do departamento de facenda, de que as contas deste Concello se respectan, porque os cartos que hai nas contas son dos veciños, non son nosos, e iso merece o máximo respecto, un respecto que antes non se tiña. Aquí vense a traballar e a mellorar a vida dos mugardeses e das mugardesas, poden vostedes propoñer o que queiran, axudas... abordamos o tema das axudas, abordamos tal, o que non pode facer é pedir imposibles sabendo que son imposibles, simplemente para ter un titular, porque iso non é facer política, iso é facer dano á política. Falaban tamén vostedes de que o expediente da adaptación da Escola Infantil non pasou por comisión, haber, eu entendo que teñen un problema serio de coordinación dentro do seu grupo, pero iso... isto xa o fago a título construtivo, porque non pode ser que vaia a comisión, porque foi, e logo digan que non foi, porque pasou por comisión nada máis envialo a Consellería, entón ou unha de dúas, ou non se pasan toda a información entre os concelleiros ou non ven ben os expedientes. Iso é... isto é un consello que dou, revisen os expedientes. Falan tamén vostedes... a comprar a Bello Piñeiro, oia mire, o convenio que tiña vostede de compra da Bello Piñeiro que era unha compra de... non era unha compra, e o convenio que había era facemos unha obra, o Concello pon cartos, pero e, todo é do Arzobispado. E este Concello non vai a invertir cartos en algo que non sexa para eles, porque eses cartos, volvo a repetilo, son dos veciños, non son nosos... resople, resople, porque ten moito que resoplar. Mire e... e xa remato, falaba vostede do rexistro de facturas, de que non había transparencia, de que... eu mesmo si, eu mesmo, leveina ao Valedor do Pobo, presentei unha denuncia na Fiscalía por posibles irregularidades admi... administrativas, e o Fiscal dixo que non había penais, administrativas non o descartou, veremos en que acaba iso. Falou vostede de que por parte de... deste goberno, bueno, pouco máis que somos unha panda de vagos que estamos vendo a vida pasar, estamos aquí no Concello e non facemos outra cousa. Mire, hai unha forma de contabilizar o traballo que fai un goberno, e é moi sinxelo, no nivel de satisfacción da xente. ¿Quere que lle diga cantos veciños veñen aquí ao Concello e saen cunha solución?, ¿e cantos veñen a este Concello e din, claro, xa sei que non é voso que isto é de antes?. A xente non é parva, a xente sabe perfectamente quen gobernou e quen goberna... exacto, e a xente sabe quen facía as cousas ben, quen facíaas mal e quen daba os contratos a quen os daba e como os daba e en que condicións. O que si que non vou a consentir, como concelleiro e agora vou dirixirme como voceiro do Grupo Municipal, do que está no goberno, son ataques aos meus compañeiros de diferentes áreas, cando todos e cada un deles están facendo un increíble traballo cos poucos medios que teñen, porque non hai medios para máis, e non hai medios para máis porque hai alguén que se pasou á toureira a Lei de Contratos e non tiña un mínimo de respecto por cada euro que hai nas arcas deste Concello, que son os cartos dos veciños. Nada máis e grazas.

Sr. Alcalde (que traducido di): Bueno, moitas grazas. Rematadas as intervencións, o único que teño que engadir a todo o que xa se dixo é que en todo caso Mugardos ten que tomar esa decisión, de saber si quere ter uns orzamentos para o ano 2020 ou non ter orzamentos. Non ter orzamentos implicaría que moitas das obrigas que están xa realizadas, xa non só por parte deste goberno, senón por parte do anterior, terían, loxicamente, problemas para enfrontarse, e polo tanto estes orzamentos, en certa medida, o que veñen é a reflectir pois unhas obrigas que ten recoñecidas este Concello con... tanto con provedores, que foron manifestando ao longo dos

nosos pagos... que se manifestaron... e moitas outras obrigas que hai que sufragar, e o compromiso deste goberno é deixar as débedas a cero en decembro do ano 2020. Ese é o compromiso que ten este goberno, un goberno que efectivamente queredo facer todo o seu programa electoral, pero mire vostede, sempre que gobernamos non tivemos os catro anos enteiros, e esixirlle a un goberno que.. con escasos oito meses faga todo o programa electoral... deixemos pasar o tempo e veremos como hai cousas que se irán concretando e outras que, obviamente, pois teremos que... Sobre o Punto Limpo xa falaremos na comisión correspondente, Mugardos non renunciou ao Punto Limpo, pero é certo que houbo un cambio nas condicións, por parte dun concello que renunciou, que é Neda, o que conleva facer un estudo novo por parte da intervención municipal, que non se realizara, e polo tanto corresponde que se faga informe da normativa vixente. Por outra banda é evidente que... bueno, hai moitas cuestións que este Concello ten que afrontar, ten que afrontar unicamente con este orzamento, un orzamento que evidentemente non é para lucir senón que é para contribuír a que as pemes, e as empresas e as pequenas empresas do noso pobo poidan cobrar aquilo que traballaron e niso estamos traballando, e evidentemente o ano 21 será un ano distinto, un ano onde todos podemos reflexionar cun orzamento onde a débeda sexa cero para este Concello e onde todos poderemos facer aportacións, aportacións que eu non dubido que todos as van a facer de ánimo construtivo, o que non se pode, obviamente, é pedirlle a un goberno que fixo o imposible para pagar case 3 millóns de euros en débedas con administracións e provedores, é que faga plans e saque diñeiro de onde non o ten. Independentemente se iso o puidésemos facer elevaríannos vostedes á categoría de heroes, e nós non somos heroes, somos xente que quere traballar de xeito humilde para este Concello, pagando o que se debe, non gastando máis do que se ten e sendo razoable, dando unha estabilidade a este Concello e unha credibilidade cos provedores para que volten a traballar para un Concello para o que se negaban a traballar. En todo caso agradezo dende aquí, en nome do goberno, tódalas aportacións que se fixeron de xeito construtivo por parte dos grupos, que... quixeron pronunciarse, que quixeron, construtivamente pois intentar que haxa investimentos para Mugardos, investimentos limitados por estas obrigas. E en todo caso pois o 21 será un ano, evidentemente, moito máis... menos restritivo, en canto a que xa non se debe ese diñeiro, e aí teremos que falar longo e tendido de moitas cuestións que se formularon aquí e que obviamente pois que sexan interesantes, porque a oposición ten, obviamente, a obriga de facer tamén propostas interesantes, e o goberno ten a obriga de escoitalas. Polo tanto agradecendo esa cuestión e o traballo dos técnicos que intentaron que cando menos as débedas deste Concello se rebaixasen case un 80% respecto ao 10 de decembro, eu agradezo o traballo do departamento económico e tódolos funcionarios que fixeron un traballo en pandemia, teletraballando, sen unha xornada estrita, están traballando mañás e tardes, e iso é de agradecer, porque ao final denota unha profesionalidade fóra de toda dúbida. E sen nada máis, e para non demorar máis o Pleno seguinte pois se levanta a sesión... bueno, perdón, imos a votalo e despois levantaremos a sesión, senón estamos aviados, efectivamente. Imos a votar entón a aprobación dos orzamentos para o ano 2020, votos a favor, en contra, abstencións. Bueno, pois queda aprobado o orzamento para o ano 2020. Moitas grazas e acaba a sesión.

E non tendo máis asuntos para tratar, e sendo as doce horas e quince minutos do día ó comezo sinalado, polo Sr. Alcalde-Presidente levántase a sesión, de todo o cal eu, como Secretaria, dou fe.

Vº e prace
O ALCALDE,